

A EMERXENCIA DA LINGÜÍSTICA GALEGA NO SÉCULO XIX

Xosé Manuel Sánchez Rei

1. Introducción

Aínda que desde o século XVIII se viñan sentindo algunhas voces, como a do Padre Sarmiento, que subliñaban a necesidade de que se estudase a lingua galega, vai ser desde mediados do XIX cando esas reivindicacións se fagan máis habituais, a exporen argumentos diferentes (e ás veces contraditorios), mais, en todo o caso, ponderando a necesidade de que se realizasen traballos con tales finalidades. Así as cousas, como produto desa sensibilidade cara ao país e cara aos seus sinais de identidade, de que a lingua é un deles, na segunda metade do século XIX van aparecer as primeiras gramáticas e dicionarios, que, aínda a teren unhas finalidades ben distintas e unha moito desigual valía científica, constitúen a cerna da reflexión sobre o idioma propio da Galiza. Ao longo destas páxinas, pois, imos expor algúns dos trazos máis representativos desas obras, redixidas nun dos momentos históricos máis relevantes para a rexeneración cultural, política, social e lingüística do país, como é o Rexurdimento.

Mais, antes de nos centrarmos nas gramáticas e dicionarios do século XIX, queredamos salientar que aos seus autores ben lles acae a expresión de García Negro (2001: 94) “solitarios solidarios”, que a profesora da Universidade da Coruña aplica ás escritoras e aos escritores decimonónicos e en especial a Valentín Lamas Carvajal: trátase duns autores solitarios, porque detras dos gramáticos e lexicógrafos decimonónicos non houbo organismos públicos, institucións, facultades universitarias, academias etc., que, mercé a un determinado tipo de orzamentos, posibilitasen que saísen do prelo todos eses contributos; e son, igualmente, autores solidarios, porque, quitando algunha excepción, o que os moveu para levaren a cabo eses labores foi, precisamente, o seu amor polo país e pola súa lingua, sempre en distintos graos e sempre matizábel, mais querenza en todo o caso.

2. As gramáticas

É punto asente afirmarmos que os estudos lingüísticos galegos que “conforman a nosa tradición gramatical son historicamente escasos e en xeral pouco relevantes”, como sinala Freixeiro Mato (1998: 32). A causa principal, a colonización española da Galiza, fixo que as nosas gramáticas fosen serodias e diglósicas, e non só por estar redixida en español boa parte delas, como a totalidade das do século XIX, mais porque en case todas, incluídas as escritas

en galego no primeiro terzo da centuria seguinte, o castelán está sempre presente como lingua con que se faceren as comparacións. Así se pon de manifesto a teor das seguintes citacións extraídas dalgunhas das obras que conforman a nosa tradición gramatical no século XIX:

El alfabeto gallego consta de las mismas 28 letras del castellano, cuya pronunciación alfabética es enteramente igual á la de este idioma [sic], con la sola diferencia de que los gallegos las hacen indistintamente masculinas o femeninas, vr. Gr. Un a unha a, etc. (Cuveiro Piñol 1868: 1).

AZO, OTE, ON. -Aumento de la significación del primitivo. Son, como en castellano, las terminaciones de los aumentativos; pero con la diferencia de que aquí los sustantivos de terminación femenina, toman al hacerse aumentativos, la desinencia feminia *ona*, en vez de la masculina *on* que en el castellano, menos lógico, atribuye a muchos de ellos (Saco Arce 1868: 45).

Máis un elemento característico da tradición gramática galega, en harmonía co exposto máis arriba, é a súa demora ao comparala con outras nacións e idiomas: as linguas veciñas teñen as súas primeiras gramáticas arredor do século XVI, mais a nosa debe agardar até á segunda parte do XIX. Por orde cronolóxica, aparecen neste século os traballos de Mirás (1864), Saco Arce (1868), Cuveiro Piñol (1868) e Valladares (escrito en 1892 mais só editado en 1970). Para alén destas obras, tamén foron publicándose opúsculos en traballos doutras finalidades, como certa sorte de apéndice ou prólogos a determinados textos literarios; deste modo, aínda que estritamente non fan parte da tradición filolóxica galega, non podemos deixar de citar os contributos de Fernández Morales (1861) ou Martínez González (1883), así como certos artigos que saían do prelo grazas ás revistas rexionalistas da altura dedicadas a cuestións máis xerais. Outrosí, debemos ponderar os proxectos dunha gramática e dun vocabulario que pretendía desenvolver J. Rodríguez Seoane, que nunca se puideron materializar, como indica Hermida (1992a: 239), “por unha morte prematura”.

Noutra orde de cousas, o retraso no aparecemento das primeiras gramáticas se confrontadas coa situación doutras linguas é o que explica, aliás, a súa descontextualización a respecto do que se viña facendo nalgúns países da Europa. Como indica Henríquez Salido (1986: 447), cando Mirás publica o seu *Compendio*, en 1864, había xa moitos anos que Grimm ou Humboldt levaban traballando en diversos ámbitos de estudo lingüístico cunha metodoloxía superior á adoptada polo autor galego, sen nos esquecermos de que na segunda metade do XIX tamén son editados algúns dos contributos de Schleicher ou Hermann Paul. Mais a Galiza non podía dedicarse ao estudo do sánscrito, ás variacións lingüísticas históricas ou mesmo a comparar as linguas indoxermánicas cando o seu idioma comezaba a ser obxecto de reflexión con catro séculos de retraso. Saco Arce, no entanto, amosa coñecer en certa medida o que se estaba a facer no continente, baixo as orientacións do comparativismo e do historicismo, e así o parece insinuar, conforme sinala Henríquez Salido (1986: 453), cando o prebitero indica a conveniencia de poder confrontar varias linguas: “No es mi ánimo con esto excitar al abandono ó descuido del majestuoso idioma castellano, el cual lejos de perder ganaría mucho con el estudio y comparación de los dialectos afines”. (Saco Arce 1868: VII).

Máis un trazo relevante é o feito de presentaren, segundo Freixeiro Mato (1998: 33), un notábel “carácter normativo, explicábel pola necesidade de fixación dun modelo lingüístico” común perante o abandono xeral en que a lingua se achaba na época en que saíron do prelo; e explicábel tamén “pola ausencia de institucións académicas encargadas de velaren pola pureza lingüística, ou pola ineficacia destas -Real Academia Galega (1906)- cando foron creadas”. Porén, á parte desa vontade normativa, o certo é que os coñecementos existentes sobre o galego non foron quen de marcaren fronteiras precisas entre algúns eixos elementares da especulación científica dedicada á lingua, como é o caso dos conceptos *variedade común* / *variedade dialectal*, ou *estilo coidado* / *estilo informal* ou mesmo *correcto* / *incorrecto* etc. Tales parámetros, hoxe fundamentais para unha análise gramatical rigorosa, son con frecuencia obviados nas obras do século de que estamos a falar e, non raro, aparecen casuísticas morfolóxicas de certa transcendencia xeográfica a carón doutras minoritarias ou laterais (adverbios deíticos tipo *aquí* / *eiquí* en Saco Arce), fenómenos da lingua popular xunto a trazos da lingua coidada (frases feitas ou proverbios recorrentes na oralidade espontánea), españolismos ocorrendo ao lado de formas autóctones (tempos compostos con *haber* en Cuveiro Piñol, por exemplo) etc.

Doutro lado, unha das cousas que máis chama a atención á persoa que consulta hoxe en día a tradición gramatical galega decimonónica, e mesmo a dunha parte do século XX, é a inclusión de determinados aditamentos ou acrecentamentos, tales como os nomes dos meses do ano, escolmas literarias, vocabularios de diversa índole etc. Máis unha vez, este carácter misceláneo é explicábel polas circunstancias históricas que determinaron a redacción e a preparación lingüística dos autores, e todos eles parecen pretender proporcionar, segundo o noso punto de vista, unha perspectiva do galego máis ampla alén da estritamente lingüística, tal vez coa vontade de ilustraren, exemplificaren ou dignificaren aquilo que tencionaban describir. No caso do *Compendio* de Mirás o seu título fala xa de si propio: *Compendio de gramática gallega-castellana, con un vocabulario de nombres y versos gallegos y su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes temas. Un grandioso poema de 100 octavas titulado “La creación y la redención”. Un extracto de Fábulas de los mejores fabulistas así como algunas del autor*. Pouco de compendio gramatical ten este traballo a repararmos en que o contido estritamente lingüístico ocupa ben poucas páxinas, pois logo figura o antedito e minúsculo vocabulario (pp. 39-50), seguido dunha listaxe de verbos traducidos ao español (pp. 51-56) e concluído cunha sorte de diálogos, alén doutras composicións literarias de escasa valía artística.

Outro exemplo ao respecto é o de Saco Arce, que non foi alleo á incorporación de aditamentos á súa gramática, aínda que esta sexa, en rigor, a primeira obra realizada con serieidade sobre a lingua. Deste modo, no apartado dos “Apéndice” (Saco Arce 1868: 261-313) figura unha selección de refráns galegos e unha serie de textos literarios dos autores da altura, tales como Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Alberto Camino, Xoán Manuel Pintos, Marcial Valladares etc. Unha das diferenzas que presenta en relación a Francisco Mirás é a maior cualidade literaria dos textos que se publican, o que é coherente coas dimensións científicas de cada traballo respectivo; a este respecto, non se pode deixar de ponderar que certos textos que figuran escolmados na obra de Saco constitúen as únicas reproducións que se deles conservaron, o que contribúe a subliñarmos esta circunstancia.

Por outro lado, as gramáticas galegas do XIX presentan unha xeral ausencia de contido epistemolóxico, o que resulta fácil de entender tamén a termos en conta, en primeiro lugar, o feito da precaria preparación filolóxica da maior parte dos seus autores; neste sentido Saco Arce é a feliz excepción, pola súa preparación académica e polo rigor de que pretendeu dotar a súa obra, base das gramáticas posteriores, mais Francisco Mirás, Cuveiro Piñol e Marcial Valladares son, en xeral, exemplos do contrario. E en segundo lugar, as gramáticas decimonónicas, como consecuencia da concepción diglósica que encerran, prescinden das cuestións teóricas máis elementares, dando por asente que é desde o español desde onde se deben explicar e procurando subliñaren o diferencial con relación a aquel. Así, a única definición de gramática que achamos no século XIX é a de Valladares (1970: 11), quen incide no clásico concepto de arte de falar e de escribir correctamente: "Gramática gallega es el arte de hablar y escribir correctamente en gallego por medio de letras, cuyas diferentes combinaciones forman las sílabas de que se componen las palabras".

Unha outra característica das obras dadas a lume no século XIX vénnos dada pola súa escasa socialización, feito que está determinado pola ausencia da lingua en ámbitos como a igrexa, a administración, a xustiza, a escola etc. Non existindo o galego neses contextos, é perfectamente lóxico presupormos que a implantación e o coñecemento de tales textos ficase restrito a uns poucos eruditos, escritores ou cenáculos ilustrados, sen que desen chegado ao pobo, que vivía en xeral á marxe de toda a especulación lingüística sobre o único idioma que falaba. Subsecuentemente, só uns poucos estaban ao tanto das publicacións que ían saíndo do prelo sobre a lingua, cal Antonio de la Iglesia, quen en 1886 indicaba o que segue:

Publicáronse *Diccionarios* gallego-castellanos, primero el de Francisco Javier Rodríguez, editado por nosotros con la Galicia, año de 1863; en 1864 publicó Francisco Mirás su *Gramática*, uniendo a ella su *Vocabulario* [...]. En 1876 Juan Cuveiro Piñol, y en 1885 Marcial Valladares imprimieron sus *Diccionarios* respectivos. Dióse á luz la *Gramática gallega* de Juan Saco y Arce en 1868, y en el mismo año *El Habla gallega, observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes*, por Juan Cuveiro Piñol" (Iglesia 1977: 259).

O pobo que conservou a lingua (labregos, mariñeiros e artesáns) continuaba a ser educado, cando tiña a rara ocasión de estudar, nun novo idioma que non era o seu e que axía tamén como factor de alienación. É unha situación paralela á que se producía cos escritores e escritoras da (re)emerxente literatura galega, pois eran conscientes de que o mundo campónés e mariñeiro non sería capaz de ler as súas composicións, como moi ben expuña Rosalía no seu prólogo a *Follas Novas*; nese texto preludial, a poeta amósase sabedora de que os receptores da súa obra non eran os nosos labregos e pescadores, mais outra caste de colectivos sociais:

Creerán algú, que, porque, como digo, tentey falar d'as cousas que se poden chamar homildes, é por que m'esprico n'a nosa lengoa. N' é por eso. As multitudes d'os nosos campos tardarán en lér estos versos, escritos á causa d'eles, pero só en certo modo pra eles" (Castro 1982: XXVII-XXVIII).

Mais se o pobo non puido ter acceso aos estudos gramaticais, nos reducidos sectores en que si se podía acceder a eles tamén non transparecen as súas influencias. Un seguimento dos textos dos nosos escritores clásicos evidencia que, en xeral, non tiveron en conta as indicacións que os diferentes autores de gramáticas ían proporcionando a través dos seus traballos. En consecuencia, continuaron a escribir como xulgaban máis oportuno ou máis acorde lo que sentían por 'lingua galega', aínda que cara ao final do século XIX comeza a se detectar o influxo duns autores noutros, ou certas tendencias hiperenxebristas para afastaren o galego do español ou mesmo a recorrencia ao portugués como fonte de acrecentamento lexical interno á lingua etc.

Por outro lado, cando máis arriba nos referíamos a que os precursores do estudo do galego poderían ser chamados "solitarios solidarios", estabamos a pór de relevo o difícil que tivo de resultar para eles abriren un camiño até entón inexistente. Mais é posíbel que tamén lles deba ter sido moito complexo encetaren un labor que foi albo de críticas por parte dalgunos sectores, o que sen dúbida contribúe, se perspectivados desde hoxe, a notarmos e a valorizarmos o seu traballo aínda que poida ser cientificamente pouco rigoroso. Na nómina de detractores do movemento de rexeneración política, cultural, social e lingüística do país coñecido como Rerurdimento, houbo algúns que negaron a posibilidade de se elaborar unha gramática, incidindo propositadamente nunha certa diversidade dialectal do galego e subliñando ese variacionismo xeográfico como forte impedimento ao respecto. É o caso de Joaquín de Arévalo, autor dun artigo publicado en *Galicia. Revista Regional*, nº. 7, no ano 1888, de que extraemos a seguinte citación:

De aquí toman pie algunos publicistas para exigir una gramática oficial, única y suprema [...]. Quieren que se legisle lo ilegible; que se reglamente el vicio; planchar lo desgarrado para darle visualidad. Pensando, con razón, que los regionalistas de las otras provincias deseen lo mismo, vamos á llenar el mundo de gramáticas, cuando una para cada nación es lo suficiente, después de bien escrita y de bien sabida. Escuelas, es lo que hace falta que no gramáticas sensibles de una lengua que solo es un adorno [...]. ¡Ah!... respeto que se conserve el gallego como un monumento de cariño; como se coserva el latín, por conveniencia, y el griego, que nadie habla, como un manantial etimológico; pero no le alcemos gramáticas; dejémosle que viva descuidado y abandonado á si mismo, que así será más bello. No le sujetemos al compás del arte y de las pretensiones, no le pongamos ligaduras pedagógicas, y dejémosle que brote espontáneo y puro, tosco y selvático, lleno de ignorancia, de buena fe y de mimo (tirado de Hermida 1992b: 347-348).

Noutra orde de cousas, prestándonos atención agora a cada traballo respectivo, o galego reflectido no traballo de Mirás corresponde ao da comarca de Santiago de Compostela. Iso é o que explica a presenza de seseo, da gheada e doutros fenómenos dialectais característicos da zona. No referente a esta cuestión, Henríquez Salido (1986: 451) salienta o feito de que na rexión compostelá debían de ter vixencia formas hoxe pouco ou nada usuais na mesma área pola abatanaxe do español, tales como *vermello*, *dor*, *cuarta feira*, *quinta feira* e o sufixo *-són*. Mais, na realidade, pouco se lle pode pedir a este contributo, ora polo seu escualido rigor, ora polas finalidades que persegue, as cales, conforme declara o autor, non son outras do que facilitar a comprensión entre o mundo tradicional, galegofalante, e os sectores que empregaban a nova lingua, en canto o idioma propio do país non desaparecese como sintoma de progreso cultural e político:

muchos al oír hablar á un labriego no le pueden entender, segun lo que haremos ver palpablemente en los diferentes diálogos que sobre varios asuntos se pondrán en el presente *Compendio*, nos hemos determinado darlo á luz á fin de que pueda comprenderse este idioma, que así como el Vascuence, Catalan, Asturiano y otros tiene sus peculiares locuciones, mientras no llegue un tiempo en que la civilización que allana las mayores dificultades, nos haga así como formamos una sola nación, también de un mismo lenguaje. A la verdad es cosa rara que en un mismo reino se observen diferentes dialectos tales que los mismos nacionales no pueden entender (Mirás 1864: [6]).

A gramática de Saco Arce, a primeira verdadeiramente merecente de tal nome pola súa estrutura, conforme Freixeiro Mato (1998: 34), comprende todas aquelas partes dunha forma ou doutra presentes nas gramáticas. Tales partes son desenvolvidas amplamente de acordo cunha estrutura lóxica a través das 245 páxinas que compoñen a parte gramatical, á marxe dos apéndices. Contén o vocalismo e consonantismo, lexioloxía ou tratado das palabras, sintaxe, prosodia e ortografía.

A obra do presbítero ourensán foi durante moito tempo a fonte por que foi coñecido o galego en ámbitos e circuitos especializados do país e para moitas persoas interesadas na lingua foi a referencia máis preclara das poucas que había sobre a nosa realidade lingüística. Un ilustrativo expoñente desa predicación témolo no compilador do *Cancionero popular gallego*, José Pérez Ballesteros, antigo mestre e amigo persoal de Saco Arce, quen segue fielmente as indicacións que aparecen na *Gramática*; o colector, que coñecía bastante ben a realidade da lingua dada a súa dedicación e interese pola literatura tradicional, apunta a rodapé comentarios, explicacións, particularidades gramaticais etc., moitas delas inspiradas directamente no texto de Saco Arce. Por exemplo, é coñecida a clásica distinción dialectal por parte do relixioso de Toén dun galego setentrional e dun meridional, que é, aínda que imprecisa, a primeira de todas cantas houbo aplicadas ao galego; pois ben, o maxisterio de Saco é evidente na súa total asunción por parte de Pérez Ballesteros cando dedica unhas palabras ao variacionismo xeográfico do idioma no *Cancionero*, publicado entre os anos 1885 e 1886:

Una de las diferencias que separan los sub-dialectos gallegos es la n en lugar de la u. El sub-dialecto septentrional dice *hirmán*, *man*, *chan*, y los plurales en *uns*, *cans*; mientras que el meridional prefiere decir *hirmau*, *mau*, *chau* ó *chao*, *us*, *cas* (Pérez Ballesteros 1979, I: 38, n. 1).

Un segundo e último exemplo da preitesía científica do folclorista compostelán en relación coa obra de Saco é o que se pode expor a respecto do dígrafo <nh> para a representación da nasal velar, xa que di o autor da *Gramática gallega*:

La *h* de *unha* y sus compuestos *algunha*, *ningunha*, representa la pequeña aspiración ó esfuerzo que es preciso hacer para impedir que la *n* forme sílaba con la *a*. Tiene el mismo oficio que el espíritu suave de los griegos, que impedía que la vocal inicial de una palabra se juntase en la pronunciación con la letra final de la palabra anterior (Saco Arce 1868: 26, n. a).

E repárese no que Pérez Ballesteros, case con idénticas palabras, comenta sobre o antedito dígrafo, en que se fica ben explícita a súa fundamentación en Saco Arce:

La *h* de *unha*, *algunha*, *ningunha*, representa la pequeña aspiración que es preciso hacer para impedir que la *n* forme sílaba con la *a*. Hace el oficio del llamado espíritu de los griegos, que impedía que la vocal inicial de una palabra se juntase, en la pronunciación, con la letra final de la palabra precedente (Pérez Ballesteros 1979, I: 57, n. 2).

Mais a obra mesmo ultrapasou as propias fronteiras do país, xa que serviu de base a unha considerábel parte da romanística para o seu achegamento ao galego ou mesmo como información básica en relación a este. Neste sentido, son dignas de nota as informacións que achega Vasconcellos (1928, 1985, 1987) referidas á nosa lingua, alicerzadas nas indicacións do relixioso de Toén, cando estuda a linguaxe rexional e popular lusitana, e tamen é significativo que o apéndice de J. Cornu á súa obra *Grammatik der Portugiesischen Sprache*, dedicado ao galego e que foi publicado en varios números do *Boletín de la Real Academia Gallega* ao longo de 1906, se basease precisamente na Gramática gallega de Saco Arce; así o declara o investigador alemán, mercé á tradución que fixo da súa obra Fernando Martínez Morás: "he tenido en cuenta la excelente *Gramática Gallega* de Juan A. Saco Arce, publicada en Lugo en 1868" (Cornu 1906: 7).

Porén, a valía e a consideración que despertou o estudo de Saco Arce non se limita á circunstancia de ser utilizada por investigadores doutros países europeos, xa que o texto enforma un precioso documento sobre a situación gramatical do galego na altura, en especial o da rexión de Ourense, zona en que naceu o seu autor. Aínda que en toda a lingua non coincide con exactitude a prescrición / descrición do sistema coa oralidade común, a proximidade entre a fala e o que aparece reflectido ou comentado ao longo das páxinas da *Gramática* é notábel. Tal característica non se trata dun acaso, mais dunha propositada fundamentación en que se baseou Saco Arce; adiantándose aos seus presumíbeis detractores, indica que a súa principal fonte de información provén do galego oral:

Los últimos [os seus eventuais críticos], finalmente, extrañarán tal cual palabra, alguna locución, algún giro sintáxico que sonarán á sus oídos como enteramente exóticos. A estos contestaré que ninguna locución, ningún giro he consignado aquí que no haya repetidas veces escuchado de labios de nuestros aldeanos [...]. Por la escasez de escritos, me fué preciso apoyarme casi solamente en la escrupulosa observación del lenguaje hablado (Saco Arce 1868: X).

Canto á obra de Cuveiro Piñol, presenta dúas partes ben diferenciadas: unha primeira referida á orixe e formación da lingua galega e unha segunda ("Analogía") que contén un pequeno compendio gramatical de 38 páxinas (incluíndo o alfabeto, as vogais, as consoantes, os ditongos, analoxía, declinación do artigo, o nome, numerais, pronomes, verbos, adverbio, preposición, conxunción, interxección e unha páxina dedicada á sintaxe). En xeral, a fortuna histórica do traballo de Cuveiro Piñol ficaría apenumbraada pola obra de Saco Arce, moito mellor estruturada e dun maior nivel científico. Aínda así, non faltaron comentarios ou recensións en rotativos da época en que se parabeniza ese traballo; é o caso do pontevedrés *El*

Buscapié, nº. 93 (8.2.1868), publicación en que un artigo anónimo lle dedica unhas liñas a subliñar o acerto do antedito estudo:

Para Galicia, pues, la obra del Sr. Cuveiro tiene una importancia de primer orden, porque mientras tanto carezca nuestro país de una historia y de una gramática escritas, con razón nos tendrán en menos Cataluña, Vizcaya y Asturias que tanto cultivan su lengua y literatura provinciales [...]. No dude, pues, el Sr. Cuveiro, que á los ojos de todas las personas que en algo aprecian las letras de España tendrán mérito sus trabajos, y de su afición á estos estudios nos prometemos que en esta ocasión tendrá *El habla gallega* un hábil apreciador de su estructura, sus reglas y vicisitudes por que ha pasado (tirado de Hermida 1992b: 95-96).

Finalmente, o traballo de Marcial Valladares, datado en 1892 mais inédito até 1970, comeza coa fonética e ortografía (alfabeto, ditongo, sílabas, monosílabos, apóstrofo), continúa coa morfoloxía (a parte máis desenvolvida, a incluír o xénero, número, casos, artigo, nome substantivo, adxectivo, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección), prosegue cunhas páxinas dedicadas á sintaxe e termina, como a de Saco Arce ou a de Mirás, cuns aditamentos de diversa natureza (días da semana, meses, nomes de persoas, textos literarios etc.). A estrutura da obra é, se comparada coa de Saco Arce, irregular, e por ese motivo se ten dito dela, tendo tamén presentes as irregularidades sintácticas que se detectan no texto, que máis do que unha gramática propiamente dita son uns apuntamentos, aínda non prontos para se publicaren (Santamarina 1974: 194).

Doutra parte, o que percibe Marcial Valladares como xenuinamente galego confronta co que entendía Saco Arce, que puxo atento ouvido á oralidade dos camponeses do século XIX. Talvez sexa o autor da Estrada o que máis ten en conta o español como modelo sobre o cal ten de se basear o galego, circunstancia que se manifesta cando critica trazos característicos da lingua por non existiren no idioma imposto. Citaremos como ilustración só dous exemplos: en primeiro lugar, cando se refire ao infinitivo flexionado, trazo típico do sistema lingüístico galego-portugués, Valladares (1970: 53) maniféstase coas seguintes palabras, en que deosta esta particularidade gramatical por a considerar redundante:

Esta conjugación, especie de futuro imperfecto de subjuntivo, creémos que ni es precisa, ni debe aconsejarse [...]. Quitemos á los infinitivos de estos verbos su terminación *en* y los ejemplos aducidos dirán, significarán lo mismo, pero de una manera más pura, más correcta.

En segundo lugar, ao comentar as construcións transitivas direccionais formadas co verbo *ir* + prep. *en* (*Vai na vila*; *Van na casa dos avós*; etc.), decláraas como incorreccións sempre condenábeis; o seguinte fragmento, para alén de ser ben explícito a respecto desa particularidade lingüística, revela tamén a areoenta preparación do autor:

Los gallegos, si no todos, muchos decimos: *vai á Santiago*; *vai á vila*; *vai á feira*; *vai á romaría*; *vai ó muíño* [...]. Y también *vai en Santiago*; *vai n'a vila*; *vai n'a feira*; *vai n'a romaría*; *vai n'o muíño*. Lo primero, supone que la persona, de quien se hable, piensa ir, salir, ó camina á uno de los puntos indicados; pero que no há llegado todavía: lo segundo,

supone que há llegado ya, que está allí. En el primer caso, no hay defecto del lenguaje; en el segundo si lo hay y consiste en tomar un tiempo por otro y una preposición por otra; pues si la persona, de quien se hable, há llegado á uno de dichos sitios, si está allí ¿como hemos de poder decir que *vá*, cuando este *vá*, ó *vai* es tiempo presente? El pretérito, ó pasado, es el tiempo que debe usarse y decir *há ido*, no *en*, sino *á*, preposición que en este caso rige el verbo *ir*. Mas, como el gallego, por carecer de tiempos compuestos, no tiene equivalente para *há ido* y, de emplear el pasado perfecto *foi* = *fue*, dá á entender que la persona há regresado, lo que no es su ánimo significar; de ahí que lo mejor, en casos tales, es valerse de otros verbos, decir, por ejemplo, *marchou á...*; *saíu pra...* (Valladares 1970: 111).

3. Os dicionarios

A segunda metade do século XIX vai coñecer tamén a publicación dos primeiros dicionarios galegos, que presentan, conxuntamente coas gramáticas, certas características derivadas do percurso histórico do país e dos factores que condicionaron ese percurso. Unha delas é o seu aparecemento tardío en relación ás linguas do noso contorno, demora tamén explicábel pola situación lingüística en que se sobreviviu o galego. Xa desde a época da Ilustración se viña notando a necesidade de o idioma contar con este tipo de traballos lexicográficos, como demandaba o Padre Sarmiento (Pensado 1974: 27-30). Neste sentido, pois, acudíndomos ao caso do portugués, do inglés, do francés ou do alemán, constraísta como até antigas colonias europeas contaban xa desde moito atrás con dicionarios: Santamarina (2001: 8) cita o caso dos Estados Unidos da América e do aparecemento en 1826 do emblemático *American Dictionary of the English Language*, obra de Noah Webster.

En confronto, os únicos dicionarios dados a lume no Rexurdimento galego foron, cronoloxicamente, o de Rodríguez (1863), Cuveiro Piñol (1876) e Valladares (1884); ao paso, a obra de Francisco Porto Rey coñeceu a publicación parcial en fascículos no semanario *Villagarcía-Carril. Periódico Semanal-Satírico-Cómico* no ano 1900, mais a maior parte do dicionario ficaría inédito até á edición de Bugarín López / González Rei (2000). Para alén destes traballos, habería tamén que citar outras obras de menores dimensións, como por exemplo o Vocabulario *Gallego-Castellano* de Xoán Manuel Pintos, datado por volta de 1865 e publicado en 1992 (Neira / Riveiro 1992) ou o *Nuevo Suplemento al diccionario gallego-castellano* publicado en 1884, feito por Marcial Valladares e só editado en 1992 (García Ares 1992); igualmente, de modo paralelo a como certas obras literarias incluían algunhas notas ou apuntamentos de gramática, determinados textos van acrecentar no final listaxes de palabras traducidas ao español, de que expomos, a modo de exemplo, o “Catálogo y significación de las voces del sub-dialecto berciano, usadas en este libro”, opúsculo con que se encerran os *Ensayos poéticos en dialecto berciano* de Antonio Fernández Morales (1861: 371-379), ou aínda o “Vocabulario que facilita la traducción de las palabras contenidas en este libro”, apéndice das *Cousas das mulleres* de Xesús Rodríguez López (1895: 199-209).

Outrosí, merecen tamén citarse máis dous títulos, rodeados de certa problemática canto á súa autoría: a comezos do século XX Vasconcellos (1902) edita, na *Revista Lusitana*, un manuscrito anónimo intitulado *Vozes Gallegas* e datado por Pensado (1985: 51) a mediados do XIX; doutro lado, este mesmo investigador refire a existencia dunha *Traducción de algunas voces, frases i locuciones gallegas, especialmente de Agricultura, al castellano*, que data “entre 1840 y 1860, es decir, antes de que se publique el de Francisco Javier Rodríguez” (Pensado 1985: 65), e que vén sendo atribuída a “un tal E. R. [Eugenio Reguera y Pardiñas] que foi gobernador civil en Lugo” (Santamarina 2001: 16).

En xeral, tales obras, e nomeadamente os tres dicionarios publicados no Rexurdimento, son produto do coñecemento que existe sobre a lingua na altura e carecen da necesaria fundamentación científica se comparadas con contributos posteriores, e inclusive-mente anteriores: mesmo hai quen diga que todo o labor dicionarístico do século XIX supón un retroceso a respecto dos eruditos dezaoitescos, como Sarmiento ou Sobreira; dito recuamento afectaría sobre todo a fiabilidade e a exactitude, xa que, en xeral, o estudioso decimonónico do noso léxico

se hace dogmático, desata las palabras de su medio natural y desaparece su localización, que aun dura hasta mediados del XIX en algunos inéditos. Así las palabras que son de todos y lo que es de todos no es de ninguno, el desarraigo léxico en favor de una coiné abstracta comienza a producirse y la obsesión de romper todo parecido con el castellano comienza a dar sus frutos (Pensado 1988: 56).

Máis un evidente trazo que contribúe á singularización da tradición lexicográfica galega decimonónica é o seu marcado carácter compilativo antes do que selectivo, isto é, concédelle máis importancia á cantidade de entradas incluídas do que a unha escolma de todas as posíbeis. Este feito, que tamén se manifesta no século XX ao se herdar dos estudiosos anteriores, evidénciase ben ás claras con só repararmos nos títulos das obras, auténticos expoñentes das preocupacións compilativas dos respectivos autores; deixándonos de lado o traballo de Rodríguez e de Valladares, que “só” se chaman *Diccionario Gallego-Castellano*, chama a atención como Cuveiro Piñol non hesitou en intitular o seu dicionario do seguinte modo:

Diccionario gallego, el más completo en términos y acepciones de todo lo publicado hasta el día, con las voces antiguas que figuran en códigos, escrituras y documentos antiguos, términos familiares y vulgares, y su pronunciación. Para la escuela de Diplomática, anticuarios, jueces, abogados, escribanos, párrocos y otras personas á quienes es indispensable su frecuente uso.

E, de maneira similar, Francisco Porto Rey decidiu baptizar o seu respectivo traballo cun extenso título, onde se tamén poñen de manifesto os traballos especializados anteriores que manexou:

Diccionario gallego-castellano. El más completo en su clase, de los publicados hasta la fecha y redactado en vista de los de Don Francisco Javier Rodríguez, Don Juan Cuveiro Piñol y de Don Marcial Valladares Núñez y de gran número de obras de los más acreditados escritores antiguos y modernos. Por Francisco Porto Rey. Contiene infinidad de voces desusadas, tomadas de un sinnúmero de documentos antiguos, gran cantidad de etimologías, modismos, refranes, historiografías, nombres de plantas, animales y el de casi todas las feligresías y aldeas de la región

O carácter compilativo que presentan os dicionarios decimonónicos, podendo ser unha circunstancia tanto louvável canto discutíbel, incide, porén, na transmisión de erros, de definicións inacaídas ou de irregularidades nas entradas incluídas. Pensado (1988: 55), a analizar

o dicionario de Marcial Valladares, postula que, aínda tendo este autor un contacto e un coñecemento da lingua viva certamente notábel, continúa con algúns fallos de Rodríguez e de Cuveiro, reiterando as definicións que estes dan e as ‘palabras fantasma’ ás cales “incluso llega a poner cantidad vocálica”. O profesor da Universidade de Salamanca sitúa nesa transmisión eivada moitos dos problemas que tiveron os lexicógrafos posteriores, pois, nas súas propias palabras, estando certos vocábulos atestados nos tres dicionarios, “¿como iban a atreverse a desmentirlas?”.

Por outro lado, a lingua en que aparecen todas as definicións dos vocábulos rexistrados é o español. Non hai ningún dicionario, pois, pensado como galego-galego, mais como galego-castelán, e deberemos agardar até á segunda metade da centuria seguinte para podermos contar con traballos elaborados desde e para a nosa lingua. É unha situación paralela á das gramáticas decimonónicas, xa que, segundo se viu máis arriba, todas as do XIX están redixidas en español e contrastadas con este idioma; prima, subsecuentemente, o coñecemento da lingua desde fóra antes que desde si propia. Indirectamente, o castelán está presente na escolma dos vocábulos, xa que é costume evitar todo aquilo que coincida con aquel; fala por si mesmo o seguinte fragmento de Rodríguez (1863: X), tamén citado en Bugarín López / González Rei (2001: 56): “Es de saber que no incluyo en este diccionario las voces comunes á gallegos y castellanos, sino las puramente gallegas”.

Ás veces, esa orientación galego-español con que son elaborados os dicionarios do Rexurdimento é xustificada mediante fins utilitarios. Así as cousas, Antonio de la Iglesia non hesita en destacar a importancia de que certos sectores sociais, adoito español-falantes, coñezan a lingua galega para unha mellor consecución dos seus labores profesionais:

Escaso fruto los alumnos podrian lograr de tales obras [os libros de texto] y explicaciones, si no conociesen los maestros y no hiciesen conocer á sus discípulos la correspondencia del castellano que oyen al profesor, ó leen en las aulas, con el lenguaje casi exclusivo que usan fuera tanto los niños como sus padres, allegados y confeligrases [...]. Sin algun conocimiento del idioma gallego, ¿cuántas dificultades no se presentarán á un extraño párroco en su santa misión de orador, consejero, pacificador, y de confesor sobre todo? No facilitará su santo y civilizador cultivo, el estudio de un idioma que en la mayor parte de Galicia ha de escuchar precisamente y ha de verse obligado también por precisión á manejar en muchas ocasiones? (Rodríguez 1863: VI).

Unha outra característica ten que ver directamente coa ortografía, xa que, non existindo un único modelo gráfico, as palabras compiladas van documentarse con grafías distintas, feito que en ocasións se traduce na inclusión de varios lemas. Aliás, o léxico que se compila tanto pode ser antigo como contemporáneo dos autores, o que quebra o eixo fundamental da análise lingüística *diacronía* / *sincronía*. Así, por exemplo, o traballo de Cuveiro Piñol dálles entrada a voces presumiblemente tiradas da época medieval, a cuxa beira apunta entre parénteses a indicación “(ant.)”.

Aliás, a inclusión de vocábulos arcaicos lexitima tamén que se conte con entradas dialectais e popularismos, pois, de acordo con Bugarín López / González Rei (2001: 50), non existe unha vontade de elaboración de norma común lexical nin de “formación dun estándar”, o que “explica a multiplicación de solucións dialectais tanto fonéticas como morfolóxicas”

(Bugarín López / González Rei 2001: 52). Aquí é observábel un distinto camiño seguido a respecto dunha das características da tradición gramatical galega, en que, conforme dicíamos máis arriba, un dos principais trazos é a ansia, cuns resultados desiguais, de procurar unha gramática normativa; neste sentido, evidéncianse unhas estratexias distintas en relación á nosa época: Santamarina (2001: 15) expón como a lexicografía moderna á medida “que o idioma mesmo vai gañando en funcións os dicionarios van abandonando o predominio do vello fondo dialectal e idiolectal en beneficio do fondo patrimonial común”.

Mais Cuveiro Piñol, con todo, tal como apunta Sánchez Palomino (1999: 944), proscribire trazos dialectais como a gheada e o seseo, como tamén fará Marcial Valladares. Certo é que ao longo dos dous dicionarios van aparecer fenómenos locais, mais ambos os autores sancionan as anteditas casuísticas xeográficas aínda hoxe atestábeis nalgúns falas galegas; velaí a condena de Cuveiro a tales fenómenos:

En las ciudades y poblaciones de importancia [...] allí se oyen constantemente las *geadas*, la *s* por la *z* [...]. Lo cierto es que ni los más rústicos patanes de las aldeas más remotas, se espresan en tan incivil lenguaje, y sobre esto debieran fijar su atención las autoridades locales, pues creemos que la instrucción primaria obligatoria sería bastante á corregir tales faltas (Cuveiro Piñol 1876: [III]).

E non menos firme é o comentario que lles dedica Marcial Valladares, quen, por súa vez, se expresaría coas seguintes palabras:

Las *geadas* son un defecto de la gente idiota; consisten en hacer fuerte la *g* suave, como en *gaita*, *guerra*, *guinda*, *gozo*, *gusto*; y, siendo un defecto, un abuso de simple pronunciación, lo mismo que el decir *berse*, *Visente*, *senteo*, *siudá* etc., por *berce*, *Vicente*, *centeo*, *ciudá*; y *nabisa*, *sapato*, *sarrapicar*, *soco*, etc., por *nabiza*, *zapato*, *zarrapicar*, *zoco*, etc., en ninguna gramática, en ningún vocabulario pueden hallar cabida (Valladares 1884: VI).

Por outra banda, agora nos centrando en cada obra respectiva, na simbólica data para a Galiza de 1863 é que sae do prelo o primeiro dicionario, elaborado por Francisco Javier Rodríguez, mais só publicado postumamente por Antonio de la Iglesia, quen explica a oportunidade de se converter en editor “si una prematura muerte no nos lo hubiese arrebatado en sus mejores días” (Rodríguez 1863: VIII). Na realidade, non tería nada de particular que o óbito do presbítero lle impedise ver editado o seu traballo e que unha outra persoa desenvolvese ese labor, a non ser que entre o manuscrito e o resultado final se poidan atestar algunhas diferenzas. Esta circunstancia é a que leva Pensado (1976: 9) a cualificar de “enorme” a distancia entre as dúas versións, e sinala, ao mesmo tempo, que o labor de Antonio de la Iglesia

ha sido la de uniformizar todos estos materiales [manuscritos], organizarlos alfabéticamente, definir las voces que quedaban simplemente enumeradas, agregar otras, suprimir algunas, y añadir todo lo que le pareció oportuno con tal de seguir el plan que llevaba en su mente el bibliotecario compostelano (Pensado 1976: 10).

Un exemplo do que fixo o editor no manuscrito de Rodríguez é o do verbo *enquillotar*. No español existiu un análogo *quillotrar* que hoxe está marxinalizado e que só subsiste na linguaxe camponesa ou como dialectalismo. Durante o século XVIII, en consonancia con Pensado (1976: 182), este verbo coñecía a variante aínda máis coloquial, *enquillotar*, que foi incorporada por Antonido de la Iglesia ao primeiro dicionario galego: a partir de aquí, Pensado (1976: 181) sinala como Cuveiro Piñol o transforma en *enquilloutar* porque a forma orixinal tiña “pocos aires de gallego”, ao paso que certas obras posteriores ao traballo do eclesiástico aínda o modifican máis até o converteren en *enquilloutrar*. A este respecto, indica o mesmo investigador (Pensado 1976: 181-182) a existencia de dúas posibilidades de inventariar a forma española nos dicionarios galegos:

Podemos observar dos tendencias en los diccs. una a modificar la palabra, acercándola más al gall., y que es la seguida por Cuveiro y el VPGC [Vocabulario Popular Galego-Castelán de Filgueira Valverde, Tobío Fernández, Magariños Negreira e Cordal Carús]: *enquillotar* > *enquilloutar* > *enquilloutrar*. Otra que se limita a conservar la palabra según ha nacido. Valladares, el VCGIF [Vocabulario Castellano Gallego das Irmandades da Fala], el DEGC [Diccionario Enciclopédico Gallego Castellano de Eladio Rodríguez González, Franco Grande y Crespo Pozo. Ninguno de los dos [sic] encontró sospechoso el *enquill-* de sus sílabas iniciales.

En relación, finalmente, ao modo en que chegou á Galiza e aos seus traballos lexicográficos, apunta Pensado (1976: 182) que penetrou introducido polos español-falantes “vulgarizantes”, a quen llela ouyiu Antonio de la Iglesia. Mais o uso que se lle deu á palabra de orixe mesetaria, segundo se nos indica, non foi o que tiña na España, onde significaba “amanecer”, senón que no noso país pasou a significar ‘enredar os negocios’.

Tería de pasar algo máis dunha ducia de anos para que se publicase unha outra obra destas características, cal é o traballo de Cuveiro Piñol (1876). O autor parte en boa medida do precedente, aínda que, como el propio declara ao comezo do dicionario (1876: [V]), tamén tivo en conta as obras de autores galegos e estranxeiros, predominando, porén, os naturais do país: Sarmiento, Martínez Padín, Murguía, Pintos, Ramón Otero, López Seoane, Planellas Giralt, Masdeu, Seguino, Alfonso X, Sobreira, cura de Fruíme, Cornide, Vereá Aguiar, Cervantes, Comeiro, Palau, Gil, Rosales, Bretón de los Herreros, Cames, Silva, Barcelos, Fredol, Saulcy, Lange, Boutelón, Bluteau, Rosalía, Alberto Camino, José Benito Amado, Macías de Padrón, Turnes “y otros autores”. Para alén desta nómina de escritores que achega o propio autor, o dicionario presenta, outravolta, un trazo singular se perspectivado desde hoxe mais bastante habitual nos lexicógrafos da época, cal é a circunstancia de conscientemente evitar todas as entradas coincidentes co español.

Nas liñas liminares, intituladas “A nuestros paisanos”, o autor dá conta das dificultades que encontrou na elaboración da obra, que se poden resumir na diversidade dialectal, no variacionismo semántico que pode presentar unha mesma palabra en diferentes rexións, no imposible que resulta compilar un dicionario completo, na omisión de determinadas voces etc., para o cal pide a “indulgencia” para desculpar tales “defectos”. Porén, a pesar desta “captatio benevolentiae”, o *Diccionario* tivo unha moito aceda e longa recensión en *El Heraldo gallego*, que apareceu publicada en varios números do rotativo ourensán no ano 1877. O autor, J.

Soto Campos, non fai senón criticar definicións, españolismos, popularismos etc., os cales, dado o coñecemento existente sobre a lingua na altura, son explicábeis precisamente por ese precario desenvolvemento. Eis un exemplo dos comentarios que lle dedica Soto Campos:

Xentar-jantar ó comer al medio día. En buen gallego no está admitido *xentar* sino *xantar*; y la voz *jantar* no solo no puede admitirse en buen castellano, sino que ni siquiera en malo, pues no es usada por nadie: pertenece al castellano antiguo y no creemos que pueda pronunciarse *jantar* sino *yantar* (tirado de Hermida 1992b: 172).

O último dos dicionarios publicados é o de Valladares, en 1884, do cal os estudiosos actuais din ser o mellor dos editados no século XIX, xa que, con efecto, as referencias lingüísticas fundamentais do Rexurdimento van ser a *Gramática gallega* de Saco Arce e o traballo lexicográfico de Marcial Valladares. Carballo Calero, no xa clásico contributo que a Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela elabora por causa da celebración do Día das Letras, dicía en 1970, ano en que se lle dedicou a Marcial Valladares, que “supera ampliamente aos seus predecesores, dos que, naturalmente, se aproveita”, pois é o primeiro dicionario “verdadeiramente maduro”. Esa madurez pode, se callar, ser ilustrada co cómputo das entradas que refire, que se aproxima á invulgar cifra de 11.000.

Entre as primeiras tarefas de cara á elaboración da obra e a súa publicación median trinta anos longos, segundo el propio sinala (Valladares 1884: VI), e é lóxico presupormos que nesas tres décadas o proxecto pasase por distintas fases. Así, sábese tamén da súa pluma que por volta de 1869 (concretamente a día 30 de xuño) xa estaba pronta unha versión do dicionario, o que marcaría o final da primeira fase; mais, con independencia de se isto é ou non é certo, Sánchez Palomino (1999: 6) apunta a posibilidade de que facer recuar tanto tempo a concepción do proxecto pode ser explicado “para poñerse dalgunha maneira en pé de igualdade con Rodríguez”, que estaba enorgullecido de ter sido o primeiro lexicógrafo galego.

A respecto dos dicionarios anteriores, Sánchez Palomino (1999: 17) sinala tres principios básicos que condicionaron todo o proceso de elaboración: en primeiro lugar, eliminar as formas que evidenciaban fenómenos da fala popular, que o autor xulgaba seren groseiros, como os xa comentados da gheada e o seseo; como segundo punto, Valladares decide non incluír os topónimos (aínda que si os antropónimos), como fixera Rodríguez, o cal é sentido por Bugarín López / González Rei (2001: 54), comparando o primeiro lexicógrafo con Francisco Porto Rey, cal máis unha característica da tradición lexicográfica galega que eles denominan “enciclopedismo”; e como terceiro aspecto, o autor da Estrada dispón de promover as palabras máis usuais, decisión que explica que o léxico antigo non estea tan representado como nos traballos dos seus contemporáneos.

A recepción do dicionario foi, en xeral, boa, e proba desa cálida acollida entre as minorías comprometidas co país é a seguinte citación, tirada dunha mínima biografía que fai Andrés Martínez Salazar sobre o autor, publicada no rotativo coruñés *El Telegrama* no día 30 de decembro de 1889:

Al Sr. Valladares debe su país no solamente los trabajos encaminados al fomento de sus intereses materiales, sino el mejor léxico que hasta ahora posee el idioma gallego. *Diccionario* que es lástima grande no se decida su autor a reimprimirlo, aumentando con más de 300 voces que ha coleccionado de nuevo (Martínez Salazar 1981: 445).

Con todo, tamén se publicaron recensións e comentarios en que se atacaba a oportunidade da súa saída do prelo: no mesmo ano de 1884, J. Soto Campos, que xa tivera, como vimos, unhas adustas palabras co *Diccionario* de Cuveiro Piñol, critica, entre outras cousas, que Marcial Valladares empregase unha ortografía etimoloxista:

Pues bien, el autor apoyado á caso en motivos respetables pero que no están á nuestro alcance, pasa, con toda la serenidad que nuestros ilustrados lectores puedan imaginarse, por encima del uso común y constante de nuestros buenos hablistas que vienen escribiendo x desde el P. Sarmiento, el sonido que los franceses representan con la letra ch. Tres son los caracteres que el Sr. Valladares ha necesitado para representar el sonido en cuestión: la g, la j y la x. El bien que semejante innovación pueda reportarnos, nos es completamente desconocido; en cambio no se le ocultará seguramente á nuestros inteligentes lectores, la perturbación que ha de causar en la Ortografía y hasta en la misma Prosodia una reforma tan sin necesidad traída á cuenta como poco fundada (tirado de Hermida 1992b: 253).

Finalmente, para alén do valor estritamente lingüístico que a obra de Valladares ten, tórnase necesario subliñarmos que ao longo do dicionario se rexistran estrofas anónimas que serven como exemplificación das voces compiladas: e que veñen cantares vén ilustrar as entradas do seu dicionario (Blanco 1992: 55); a voz *escrouchiña*, por exemplo, de que se di ser “Diminut. de escroucha”, é exemplificada coa seguinte cuadra: *As escrouchiñas d'o millo / non fan porveito á ninguén. / Mandeí a muller á elas / adormeceu e non vén* (Valladares 1884: 245, s.v.).

4. Cabo

Estas son, *grosso modo*, as características xerais da nosa tradición filolóxica e lexicográfica nos seus inicios, no século XIX, e son trazos explicábeis polo momento en que se publican a obras e polas circunstancias sociais, políticas, culturais e lingüísticas que determinan a época en que saen do prelo. Mais, para rematarmos esta achega, abundantes ou escasos, diglósicos ou non, de maior ou menor rigor filolóxico, acertados nas súas impresións ou totalmente inacaídos, todos os traballos que vimos de comentar para o galego constitúen o nacemento do noso discurso gramatical e da nosa lexicografía. Sabéndomolos superados con moito polos títulos modernos, o que é produto dunha preparación por parte dos autores e das autoras que non se puidera dar antes, coidamos que se non debe renunciar a ese legado, por escaso ou irrelevante que pareza, pois sen eses iniciais traballos dificilmente existirían na actualidade as gramáticas e os dicionarios modernos.

Referencias bibliográficas

- BUGARÍN LÓPEZ, M. J. / González Rei, B. (2001): "Achegamento ós dicionarios galegos do século XIX", en Regueira, X. L. / Veiga, A. (eds.), *Da gramática ó dicionario. Estudos de lingüística galega*. Anexo 49 de Verba: 47-58 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- BUGARÍN LÓPEZ, M. J. / González Rei, B. (eds.) (2000): *Diccionario gallego-castellano. El más completo en su clase, de los publicados hasta la fecha y redactado en vista de los de Don Francisco Javier Rodríguez, Don Juan Cuveiro Piñol y de Don Marcial Valladares Núñez y de gran número de obras de los más acreditados escritores antiguos y modernos. Por Francisco Porto Rey. Contiene infinidad de voces desusadas, tomadas de un sinnúmero de documentos antiguos, gran cantidad de etimologías, modismos, refranes, historiografías, nombres de plantas, animales y el de casi todas las feligresías y aldeas de la región* (A Coruña: Seminario de Lexicografía / Real Academia Galega).
- CORNU, J. (1906): "Morfología del gallego moderno" [traducción realizada por Martínez Morás da parte correspondente ao Apéndice á Morfoloxía do Portugués que aparece na segunda edición da *Grammatik der Portugiesischen Sprache*], *Boletín de la Real Academia Gallega*, 1: 7-9.
- CUVEIRO PIÑOL, J. (1868): *El habla gallega. Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes* (Pontevedra: Imprenta de José Antúnez y Cía).
- CUVEIRO PIÑOL, J. (1876): *Diccionario gallego, el más completo en términos y acepciones de todo lo publicado hasta el día, con las voces antiguas que figuran en códices, escrituras y documentos antiguos, términos familiares y vulgares, y su pronunciación. Para la escuela de Diplomática, anticuarios, jueces, abogados, escribanos, párrocos y otras personas á quienes es indispensable su frecuente uso* (Barcelona: N. Ramírez y C^ª).

- FERNÁNDEZ MORALES, A. (1861): "Catálogo y significación de las voces del subdialecto berciano, usadas en este libro", en Fernández Morales, Antonio, *Ensayos poéticos en dialecto berciano, con una introducción sobre lenguas, dialectos, subdialectos y jergas en general, y el origen del berciano, lengua y dialectos castellanos y gallegos en particular*, por D. Mariano Cubi y Soler; autor de varias obras filológicas, fundador de dos colegios literarios, y propagador de la frenología en España: 371-379 (León: Establecimiento tipográfico de la Viuda é Hijos de Miñón).
- CASTRO, ROSALÍA DE (1982) [reimpr. facs. da edición de 1880]: *Follas Novas* (A Coruña: Edición do Castro / Moret / Real Academia Galega).
- FREIXEIRO MATO, X. R. (1998): *Gramática da lingua galega*. Vol. I. Fonética e Fonoloxía (Vigo: A Nosa Terra).
- GARCÍA ARES, M. (ed.) (1992): *Nuevo suplemento al diccionario gallego-castellano publicado en 1884 por Dn. M(arcial) V(alladares) N(iñez), autor de uno y otro, confensando que, entre los vocablos de este suplemento, 250 son debidos a la amabilidad del señor Dn. Manuel Leiras Pulpeiro y 30 a la de los señores Dn. Amador Montenegro Saavedra e Dn. Manuel Pardo Becerra*. 1896. Anexo 4 de *Cadernos de Lingua* (A Coruña: Real Academia Galega).
- GARCÍA NEGRO, M. P. (2001): "Lamas Carvajal: a literatura galega utilitaria ao servizo da patria reivindicada", en *Xornadas sobre V. Lamas Carvajal. Actas das xornadas realizadas pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Ourense*: 87-104 (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo).
- HENRÍQUEZ SALIDO, M. C. (1986): "As gramáticas do galego do século XIX", en *Actas do Iº Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza*: 443-468 (Ourense: AGAL).
- HERMIDA, C. (1992a): *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)* (Vigo: Xerais).
- HERMIDA, C. (1992b): *A reivindicación da lingua galega no rexurdimento (1840-1891). Escolma de textos* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- IGLESIA, A. de la (ed.) (1977) [reimpr. facs. da edición de 1886]: *El idioma gallego. Su antigüedad y vida*. Vol. III (A Coruña: La Voz de Galicia).
- MARTÍNEZ GONZÁLEZ, M. (1883): "Tratado sobre el modo de escribir y hablar con propiedad el dialecto gallego", en Martínez González, M., *Poemas gallegos seguidos d'un tratado sobre o modo de falar e escribir con propiedade ó dialecto*: 121-130 (Pontevedra: Tipografía de José M. Madrigal).
- MIRÁS, F. (1864): *Compendio de gramática gallega-castellana, con un vocabulario de nombres y versos gallegos y su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes temas. Un grandioso poema de 100 octavas titulado "La creación y la redención. Un extracto de Fábulas de los mejores fabulistas así como algunas del autor* (Santiago de Compostela: Imprenta del Seminario Conciliar Central).

- NEIRA, M. / RIVEIRO, X. (eds.) (1992): *Vocabulario gallego-castellano de Juan Manuel Pintos. Anexo 5 de Cadernos de Lingua* (A Coruña: Real Academia Galega).
- PENSADO, J. L. (1976): *Contribución a la crítica de la lexicografía gallega. I. El Diccionario Gallego-Castellano de F. J. Rodríguez y su repercusión en la lexicografía gallega* (Salamanca: Universidad de Salamanca).
- PENSADO, J. L. (1985): *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos* (A Coruña: La Voz de Galicia).
- PENSADO, J. L. (1988): "La lexicografía gallega decimonónica", en Lorenzo, R. (ed.), *Coloquio de Lexicografía*. Anexo 29 de *Verba*: 49-56 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- PÉREZ BALLESTEROS, J. (ed.) (1979) [reimpr. facs. da edición de 1885-1886]: *Cancionero Popular Gallego y en particular de la provincia de la Coruña por José Pérez Ballesteros. Con un prólogo del ilustre mitógrafo portugués Theóphilo Braga*. 3 vols. (Madrid: Akal).
- RODRÍGUEZ LÓPEZ, X. (1895): *Cousas das mulleres* (Madrid: Ricardo Rojas).
- SACO ARCE, J. A. (1868): *Gramática Gallega* (Lugo: Imprenta de Soto Freire).
- SÁNCHEZ PALOMINO, M. D. (1999): "A postura de Cuveiro ante o diccionario e a lingua", en Álvarez, R. / Vilavedra, D. (coords.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Vol. I. *Semblanza e creación. Lingua. Historia, cultura e sociedade*: 933-948 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- SANTAMARINA, A. (1974): "Gramática", en *Gran Enciclopedia Gallega*. Vol. XVI: 191-195 (Santiago de Compostela / Xixón: Silverio Cañada Editor).
- SANTAMARINA, A. (2001): "Os lexicógrafos galegos. Historia dunha profesión", en *Día das Letras Galegas*. 2001. *Eladio Rodríguez González*: 7-21 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1902): "Vozes Gallegas", en *Revista Lusitana*, VII: 198-229.
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1928): *Opúsculos*. Vol. II. *Dialectologia* (Coimbra: Universidade de Coimbra).
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1985): *Opúsculos*. Vol. VI. *Dialectologia*. Organizado por Maria Adelaide Valle Cintra. *Notícia introdutoria de Orlando Ribeiro* (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda).
- VASCONCELLOS, J. Leite de (1987) [1901]: *Esquise d'une Dialectologie Portugaise* (Lisboa: Instituto de Investigação Científica).